

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE XANEIRO DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 3 DE 19 DE XANEIRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 3/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 19 de xaneiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER** licenza de obra para reforma e división interior dun



Secretaría Xeral

local sito na rúa Alcalde Ferreiro, nº 8, baixo, de Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en data 15/01/15 en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 65,41 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse **CONCEDER licenza de obra** para acondicionamento de dependencias municipais para Centro Virtual da Cultura Castrexa en Praza de Galicia, nº 1, de Lalín.

3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER licenza de segregación** dunha finca sita no lugar de Bailás da parroquia de Goiás, de Lalín (referencia catastral 4357304NH7245N0001AE) e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 20/01/15 por importe de 120,20 euros en concepto de licenza de segregación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE E LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

4.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PRESENTADA E OUTORGAR LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para o exercicio da actividade consistente en Centro de Fisioterapia na rúa C, nº 43, baixo 1, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal de data 21/01/15 por importe de 130 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

5.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA** para o exercicio da actividade sanitaria consistente en Centro Médico Asistencial na rúa Otero Pedrayo, nº 7, baixo, de Lalín.

6.- AUTORIZACIÓN DE INICIO DE OBRAS.

6.1.- Acordouse **CONCEDER AUTORIZACIÓN** para o inicio de obras de



Secretaría Xeral
rehabilitación de almacén para vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira no lugar de Loucenzo, s/n, Cercio, Lalín, conforme á licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 12/05/2014.

7.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse autorizar diversas altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L., así como a formalización dos correspondentes contratos.

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Acordouse adxudicar o contrato de obras denominado **ACTUACIONES NECESARIAS PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN “CT NÚM. 3 LALÍN DE ARRIBA” (CO092014)**, á empresa **MANUEL MEIJIDE OTERO, S.L.**, polo importe de 90.127,00 euros máis a partida correspondente ao IVE de 18.926,67 euros, resultando un total de 109.053,67€ por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende da acta da Mesa de Contratación do día 23 de decembro de 2014.

8.2.- Dáse conta do escrito remitido por Veolia Servicios Norte, S.A.U, no que comunican que a partir do 1º de xaneiro de 2015, a empresa Altair Ingeniería y Aplicaciones S.A.U. **cambia de razón social** pasando a chamarse Veolia Servicios Norte, S.A.U.

9.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

9.1.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente facturas por un importe total de 8.165,02 €.

10.- FACTURAS E CONTAS.



Secretaría Xeral

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **9.681,84 euros**.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE INFRAESTRUTURAS RURAIS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVA Á RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN POSESORIA (exp. 14/10/U).

A raíz de denuncia presentada por interesado en relación ao *peche do camiño, con aramio de picos, que vai de Cristimil a Borralla* acordouse ordenar ao denunciado, á súa custa e no prazo máximo de quince días, a total retirada do aramio e de todos aqueles outros elementos que poida ter colocados no camiño público obxecto deste procedemento e advertir ao obrigado de que, en caso de incumprimento da orde recollida no apartado anterior, esta administración procederá á execución forzosa deste acordo.

11.2.- Acordouse **aprobar as Bases** da convocatoria do Concello de Lalín para a concesión de Premios do Concurso de Disfraces do Entroido 2015 e autorizar o gasto polo importe ó que ascenden os premios previstos de 1.000 €.

11.3.- Acordouse aprobar a adhesión ao Programa “ACTÍVATE 2015” e solicitar as seguintes accións formativas: **Curso de iniciación á fotografía e Curso de Repostería.**

11.4.- Acordouse proceder ao cambio de tarifa do vado permanente ubicado na rúa B, núm. 45, baixo, con número de placa 198 que pasa a titular como vado permanente para almacén.

11.5.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da **Asociación de Desenvolvemento Rural Terras do Deza**, correspondente á cota anual do exercicio 2015, por importe de 4.009,60 €.

11.6.- Acordouse aprobar a concesión de varias axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

11.7.- Acordouse aprobar e ordenar que se poña o cobro o padrón fiscal das Taxas por Abastecemento de Auga e de Sumidoiros (4º Trimestre de 2014) e notificar o acordo a



Secretaría Xeral

“Espina y Delfín S.L.” coa finalidade de que poña ó cobro este padrón de conformidade coa normativa aplicable e proceder á súa publicación para os efectos oportunos.

11.8.- Acordouse conceder **licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos** e inscribir á cadela con microficha nº: 981098104853762, de raza Rottweiler, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co nº 37.

11.9.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, solicitando as subvencións e axudas que figuran nos expedientes de solicitude e aprobar as Memorias/Proxectos, retribucións e demais documentación dos mesmos, así como comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición e poñer a dispoñibilidade os terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas para levalas a cabo.

11.10.- Acordouse a **AMPLIACION** horaria no SAF para persoas en situación de dependencia, para as variosos usuarios segundo consta na listaxe do programa de Asignación de recursos do Servizo de Axuda no Fogar (Par de SAF), e a **BAIXA no SAF** para persoas en situación de dependencia dun usuario.


11.11.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3600 €, máis 756 € de IVE, e contratar coa empresa **Tecnoimax, S.L.** a realización do servizo de sonorización de actos da Feira do Cocido, segundo o presuposto remitido pola citada empresa, por importe de 4.356 € (IVE incluído) con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.


12.- CORRECCIÓN DE ERROS.

12.1.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2014, no punto 4.2. expedientes de contratación e **acordouse corrixir o mesmo.**

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Dáse conta da Acta da sesión celebrada polo Xurado dos Premios da XXIª





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Edición de Gastronomía de Galicia 2015, de data 12 de xaneiro de 2015 e acordouse aprobar a mesma.

13.2.- Dáse conta do escrito remitido por **Augas de Galicia-Xunta de Galicia** en relación co procedemento para o cobro do canon da auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga.

=====

